




Concello de Lugo

SECRETARIO XERAL DO PLENO


JDR

Refº: Acta Tribunal relativa a revisión do segundo exame do proceso selectivo auxiliar administrativo


Asunto: Acta revisión segundo exame.




**ACTA DE REVISIÓN DOS EXAMES DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (UNHA INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2015 E DÚAS INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016) QUE SE REXE, TANTO POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POLO ACORDO Nº 207/717 COMO POLAS "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE", APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO O 18 DE XUÑO DE 2008 E MODIFICADAS POLO CITADO ÓRGANO NAS SESIÓNS DO 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, E PUBLICADAS INTEGRAMENTE NO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO NÚMERO 099, DO 2 DE MAIO DE 2017.**



Sendo ás 10,30 horas da mañá do día 23 de setembro de 2.019, no Salón de Plenos do Concello de Lugo, sita na primeira planta da Casa consistorial do Concello de Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade de tres prazas de auxiliar administrativo, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (unha incluída na oferta de emprego público 2015 e dúas incluídas na oferta de emprego público 2016), coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:




**Presidente:** Don Francisco Rivera Iglesias, Funcionario de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo.



**Vogales:** Don Angel Victor Gómez Cereijo, Analista Programador do Excmo. Concello de Lugo.

Dona Amparo Rubinos Hermida, Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio do Excmo. Concello de Lugo.

Dona M<sup>a</sup>. Isabel Ozores Sierra, Funcionaria de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo



**Secretario:** Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

**Primeiro.-** Constituído o Tribunal no lugar e data anteriormente expresados procedeu a revisión do segundo exercicio realizado polas/os aspirantes do referido proceso selectivo que presentaron alegacións as calificacións que lles foron otorgadas

**SECRETARIO XERAL DO PLENO**

JDR

Refº: Acta Tribunal relativa a revisión do segundo exame do proceso selectivo auxiliar administrativo

Asunto: Acta revisión segundo exame.

Tal e como consta reflectido na Acta formalizada por este Tribunal o día 19 de xullo de 2019, ás 11,30 horas, na corrección dos exercicios realizados utilizáronse os seguintes criterios de avaliación:

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os temas obtidos previo sorteo foron os seguintes e por esta orde:

Tema 10: Eficacia dos actos administrativos, notificación, publicación, nulidade e anulabilidade.

Os criterios de valoración deste tema foron os seguintes:

Con carácter xeral:

- Cita de textos legais e artigos concretos correspondentes aos mesmos.
- Cita de jurisprudencia.
- Calidade na redacción e coherencia da exposición.

Con carácter particular: Completa estrutura do tema:

- Inderogabilidade singular.
- Efectividade.
- Efectos.
- Notificación. Condicións para a súa práctica. Notificación en papel e por medios electrónicos. Notificación infrutuosa. Publicación. Indicación de notificacións e publicacións.
- Nulidade de pleno dereito. Anulabilidade. Limites e extensión da nulidade ou anulabilidade. Conversión, conservación e convalidación dos actos.

Tema 6: Potestade reglamentaria das entidades locais, ordenanzas, reglamentos e bandos.

Os criterios de valoración deste tema foron os seguintes:

Con carácter xeral:

- Cita de textos legais e artigos concretos correspondentes aos mesmos.
- Cita de jurisprudencia.
- Calidade na redacción e coherencia na exposición.

Con carácter particular:



- Xerarquía normativa establecendo procedencia da potestade.
- A potestade reglamentaria.
- Principios de boa regulación.
- Ordenanzas.
- Bandos.
- Reglamentos.

De conformidade coas bases específicas que regulan el referido proceso selectivo os exercicios realizados serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan".

Vistas as alegacións/reclamacións presentadas polos aspirantes do referido proceso selectivo as cualificacións outorgadas por este Tribunal o segundo exercicio realizado, consistente no desenvolvemento por escrito de dous temas extraídos ao chou dos que integran a parte específica do programa, en concreto, dos temas números 10 e 6, respectivamente, que resultaron elixidos no sorteo realizado, e que foron posteriormente obxecto de lectura pública polas/os aspirantes do referido proceso selectivo o día 11 de xullo de 2019 ás 9 horas, no salón de actos da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Lugo, este Tribunal reuniuse os días 11 e 23 de setembro de 2019, con fin revisar os exercicios realizados e resolver motivadamente as reclamacións formuladas polos interesados, acordando por unanimidade o seguinte:

### 1) Reclamación de D. Juan carlos Fernández López.

Vista a reclamación do aspirante na que solicita a revisión presencial do exercicio realizado por considerar que a súa nota é superior a que foi publicada na páxina WEB en base os criterios da avaliación utilizados polo Tribunal cualificador do referido proceso selectivo, e unha vez examinado o contido da segundo exercicio realizado polo mesmo en presenza do recorrente, o Tribunal considera que, en aplicación dos criterios de valoración e de corrección empregados neste segundo exercicio, a nota asignada a este aspirante é correcta conforme consta recollida na Acta do día 19 de xullo de 2019, polo que se desestima integramente as alegacións/reclamacións formuladas por don Juan Carlos Fernández López, a través do escrito presentado o día 26 de xullo de 2019.

Polo que atinxe a exposición e desenvolvemento do temas obxecto de examen, cabe indicar que no Tema 6 o recorrente se ciñe unicamente a Lei 7/1985, de 2 de abril, sin referencias á xerarquía normativa e sen desenvolver o tema en profundidade en comparación con o nivel reflexado polo resto de opositores que acadaron maior puntuación.



**SECRETARIO XERAL DO PLENO**

JDR

Refª: Acta Tribunal relativa a revisión do segundo exame do proceso selectivo auxiliar administrativo

Asunto: Acta revisión segundo exame.

No tema 10 non expresa correctamente o concepto de eficacia dos actos administrativos, resultando escaso o seu desenvolvemento no referido apartado.

Do conxunto dos exames realizados constatase que a exposición e desenvolvemento dos temas realizados polo referido opositor son correctos pero non alcanzan o nivel reflexado dos demais opositores que obtiveron maior puntuación.

Convén aclarar o recorrente que as bases polas que se rexe a oposición, con independencia da opinión que merezan tanto aos opositores como ao tribunal, constitúen o marco legal polo que ha de rexerse a mesma, e son absolutamente obxectivas, posto que no momento da súa redacción e aprobación resultaba descoñecido tanto o número como a identidade de quen ían resultar opositores baixo as mesmas.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo: Bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo. A base 6ª.- PROCESO SELECTIVO, entre outras cousas, di: SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento, por escrito de dous temas extraídos ao azar dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o citado exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas aspirantes que non o obteñan.

O amplo marco legal establecido polas bases da convocatoria cumpriuse na súa integridad, con puntuacións entre 0 e 10 puntos para os dous temas en conxunto, sen que teña cabida a pretensión de establecer unha cualificación separada para cada un dos temas, pois conculcaría a citada base.

Non esquezamos que non nos atopamos ante un exame de tipo académico no cal a superación do mesmo cunha nota mínima de 5 implica a superación de todo ou parte da asignatura en cuestión, a obrigación do tribunal de oposición é seleccionar o persoal de mellor e maior capacitación, demostrada a través das probas, para o seu acceso á carreira profesional de funcionario público no posto ou postos de traballo a cubrir por medio da oposición, polo que, sen perder de vista a esixencia de coñecementos que debe corresponder ao grupo ou categoría do posto obxecto da oposición, van ser os opositores quen durante o desenvolvemento das probas impoñan o nivel das mesmas, resultaría non só inxusto, senón inxustificable, que se prescindise das demostracións de coñecementos e ou capacidade de estruturación dos temas por entendelas excesivos para as prazas obxecto da convocatoria, en beneficio de exercicios, por dicilo suavemente, menos completos.

Convén subliñar, ademais, o elevado número de matriculados así como de

The right margin of the page contains several handwritten signatures in blue ink. At the top, there is a large, stylized signature. Below it, there are two smaller signatures, one of which appears to be a name. At the bottom, there is another large, stylized signature.



opositores que participaron no referido proceso selectivo (340 matriculads, 114 presentados ao primeiro exercicio, e 42 ao segundo), para tan só tres prazas, polo o opositor que aspira a conseguir as prazas ofertas non pode acudir buscando simplemente un cinco que lle permita pasar dun a outro exercicio, senon que ten que aspirar necesariamente a ser o mellor, posto que únicamente os tres mellores dos cento catorce que empezaron o primeiro exercicio alcanzarán unha das tres prazas obxecto do precitado proceso selectivo.

En canto aos criterios de valoración, non poden confundirse cuns criterios de puntuación, que si deben comunicarse aos opositores con antelación, trátase duns criterios subxetivos para o propio tribunal que os crea e obxectivos para o opositor, xa que se basean nos temas, e o feito de dalos a coñecer implica tanto transparencia como seguridade xurídica de ausencia de arbitrariedade, e por iso mesmo nin poden nin deben ser obxecto de puntuacións parciais, e si obsérvase o que implican, poderáse percibir que con carácter xeral, a súa pretensión é que os temas expóñanse no súa integridade, valorándose as referencias ás citas de textos legais e ou xurisprudencia, e que tal exposición resulte correcta en si mesma e coherente no seu contido, si non primando, si penalizando a desorde, a desestructuración e os erros que poida padecer a exposición dos temas.

En definitiva as bases específicas polas que rexían a realización do segundo exercicio do referido proceso selectivo cumpríronse escrupulosamente por este Tribunal o igual que os criterios de valoración, fixados previamente e publicados oportunamente como motivo da corrección e avaliación do exercicio, tal e como consta reflectido na Acta extendida por este Tribunal o día 19 de xullo de 2019.

## 2) Reclamación de Dona Lara Otero Díaz.

Vista a reclamación de dona Lara Otero Díaz, formulada a través de escrito presentado neste Concelo de Lugo o día 26 de xullo de 2019, na que solicita a modificación da nota que lle foi outorgada no segundo exercicio do referido proceso selectivo por entender que o seu exercicio merece unha cualificación final dun 8 ou subsidiariamente unha nota final dun 5 ou superior para obter o resultado de apta, e unha vez examinado o contido da segundo exercicio realizado pola mesma, o Tribunal considera que, en aplicación dos criterios de valoración e de corrección empregados neste segundo exercicio, a nota asignada a esta aspirante é correcta conforme consta recollida na Acta do día 19 de xullo de 2019, polo que se desestima integramente as alegacións/reclamacións formuladas por dona Lara Otero Díaz.

Polo que atinxe a exposición e desenvolvemento do temas obxecto de examen, cabe indicar que no Tema 10 desenvolveuno de forma correcta pero escasa en comparación co resto dos opositores que alcanzaron maior puntuación.

**SECRETARIO XERAL DO PLENO**

JDR

Refª: Acta Tribunal relativa a revisión do segundo exame do proceso selectivo auxiliar administrativo

Asunto: Acta revisión segundo exame.

En canto o tema 6 non fai mención a Constitución Española nin á Lei de Procedemento Administrativo á hora de expoñer a xerarquia normativa.

Resulta, ademais moi escasa a súa exposición e desenvolvemento do tema 10 relativo os regulamentos, bandos e ordenanzas, e confunde a entrada en vigor das ordenanzas fiscais.

Convén aclarar a recorrente que as bases polas que se rexe a oposición, con independencia da opinión que merezan tanto os opositores como o tribunal, constitúen o marco legal polo que ha de rexerse a mesma, e son absolutamente obxectivas, posto que no momento da súa redacción e aprobación resultaba descoñecido tanto o número como a identidade de quen ían resultar opositores baixo as mesmas.


A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo: Bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo. A base 6ª.- PROCESO SELECTIVO, entre outras cousas, di: SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento, por escrito de dous temas extraídos ao azar dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o citado exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas aspirantes que non o obteñan.

O amplo marco legal establecido polas bases da convocatoria cumpriuse na súa integridad, con puntuacións entre 0 e 10 puntos para os dous temas en conxunto, sen que teña cabida a pretensión de establecer unha cualificación separada para cada un dos temas, pois conculcaría a citada base.


Non esquezamos que non nos atopamos ante un exame de tipo académico no cal a superación do mesmo cunha nota mínima de 5 implica a superación de todo ou parte da asignatura en cuestión, a obriga do tribunal de oposición é seleccionar o persoal de mellor e maior capacitación, demostrada a través das probas, para o seu acceso á carreira profesional de funcionario público no posto ou postos de traballo a cubrir por medio da oposición, polo que, sen perder de vista a esixencia de coñecementos que debe corresponder ao grupo ou categoría do posto obxecto da oposición, van ser os opositores quen durante o desenvolvemento das probas impoñan o nivel das mesmas, resultaría non só inxusto, senón inxustificable, que se prescindise das demostracións de coñecementos e ou capacidade de estruturación dos temas por entendelas excesivos para as prazas obxecto da convocatoria, en beneficio de exercicios, por dicilo suavemente, menos completos.

Convén subliñar, ademais, o elevado número de matriculados así como de opositores que participaron no referido proceso selectivo (340 matriculads, 114


The right margin of the page contains several handwritten signatures in blue ink. At the top, there is a large, stylized signature. Below it, there is a smaller signature. Further down, there is another signature, and at the bottom, there is a long, vertical signature that spans most of the height of the page.



presentados ao primeiro exercicio, e 42 ao segundo), para tan só tres prazas, polo o opositor que aspira a conseguir as prazas ofertas non pode acudir buscando simplemente un cinco que lle permita pasar dun a outro exercicio, senon que ten que aspirar necesariamente a ser o mellor, posto que únicamente os tres mellores dos cento catorce que empezaron o primeiro exercicio alcanzarán unha das tres prazas obxecto do precitado proceso selectivo.




En canto aos criterios de valoración, non poden confundirse cuns criterios de puntuación, que si deben comunicarse aos opositores con antelación, trátase duns criterios subxetivos para o propio tribunal que os crea e obxectivos para o opositor, xa que se basean nos temas, e o feito de dalos a coñecer implica tanto transparencia como seguridade xurídica de ausencia de arbitrariedade, e por iso mesmo nin poden nin deben ser obxecto de puntuacións parciais, e si obsérvase o que implican, poderáse percibir que con carácter xeral, a súa pretensión é que os temas expóñanse no súa integridade, valorándose as referencias ás citas de textos legais e ou xurisprudencia, e que tal exposición resulte correcta en si mesma e coherente no seu contido, si non primando, si penalizando a desorde, a desestructuración e os erros que poida padecer a exposición dos temas.



En definitiva as bases específicas polas que rexían a realización do segundo exercicio do referido proceso selectivo cumpríronse escrupulosamente por este Tribunal o igual que os criterios de valoración, fixados previamente e publicados oportunamente como motivo da corrección e avaliación do exercicio realizado, tal e como consta reflectido na Acta extendida por este Tribunal o día 19 de xullo de 2019.

### 3) Reclamación de Dona Tania González López.



Vista a reclamación de dona Tania González López, formulada a través de escrito presentado na Excm. Diputación Provincial de Lugo o día 26 de xullo de 2019, na que solicita, entre outros extremos, a revisión do exercicio realizado, así como dos criterios de corrección aplicados o mesmo, e unha vez examinado o contido da segundo exercicio realizado pola recorrente, o Tribunal considera que, en aplicación dos criterios de valoración e de corrección empregados neste segundo exercicio, a nota asignada a esta aspirante é correcta conforme consta recollida na Acta do día 19 de xullo de 2019, polo que se desestima integramente as alegacións/reclamacións formuladas por dona Tania González López, a través do escrito presentado o día 26 de xullo de 2019.

Polo que respecta a exposición e desenvolvemento dos temas obxecto de examen, cabe indicar que os temas 10 e 6 desenvolveunos de forma correcta pero escasa en comparación co resto dos opositores que alcanzaron maior puntuación.

**SECRETARIO XERAL DO PLENO**

JDR

Ref<sup>a</sup>: Acta Tribunal relativa a revisión do segundo exame do proceso selectivo auxiliar administrativo

Asunto: Acta revisión segundo exame.

Convén aclarar a recorrente que as bases polas que se rexe a oposición, con independencia da opinión que merezan tanto os opositores como o tribunal, constitúen o marco legal polo que ha de rexerse a mesma, e son absolutamente obxectivas, posto que no momento da súa redacción e aprobación resultaba descoñecido tanto o número como a identidade de quen ían resultar opositores baixo as mesmas.


A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo: Bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo. A base 6<sup>o</sup>.- PROCESO SELECTIVO, entre outras cousas, di: SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento, por escrito de dous temas extraídos ao azar dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o citado exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas aspirantes que non o obteñan.

O amplo marco legal establecido polas bases da convocatoria cumpriuse na súa integridad, con puntuacións entre 0 e 10 puntos para os dous temas en conxunto, sen que teña cabida a pretensión de establecer unha cualificación separada para cada un dos temas, pois conculcaría a citada base.


Non esquezamos que non nos atopamos ante un exame de tipo académico no cal a superación do mesmo cunha nota mínima de 5 implica a superación de todo ou parte da asignatura en cuestión, a obrigación do tribunal de oposición é seleccionar o persoal de mellor e maior capacitación, demostrada a través das probas, para o seu acceso á carreira profesional de funcionario público no posto ou postos de traballo a cubrir por medio da oposición, polo que, sen perder de vista a esixencia de coñecementos que debe corresponder ao grupo ou categoría do posto obxecto da oposición, van ser os opositores quen durante o desenvolvemento das probas impoñan o nivel das mesmas, resultaría non só inxusto, senón inxustificable, que se prescindise das demostracións de coñecementos e ou capacidade de estruturación dos temas por entendelas excesivos para as prazas obxecto da convocatoria, en beneficio de exercicios, por dicilo suavemente, menos completos.

Convén subliñar, ademais, o elevado número de matriculados así como de opositores que participaron no referido proceso selectivo (340 matriculads, 114 presentados ao primeiro exercicio, e 42 ao segundo), para tan só tres prazas, polo o opositor que aspira a conseguir as prazas ofertas non pode acudir buscando simplemente un cinco que lle permita pasar dun a outro exercicio, senon que ten que aspirar necesariamente a ser o mellor, posto que únicamente os tres mellores dos cento catorce que empezaron o primeiro exercicio alcanzarán unha das tres prazas obxecto do precitado proceso selectivo.






En canto aos criterios de valoración, non poden confundirse cuns criterios de puntuación, que si deben comunicarse aos opositores con antelación, trátase duns criterios subxetivos para o propio tribunal que os crea e obxectivos para o opositor, xa que se basean nos temas, e o feito de dalos a coñecer implica tanto transparencia como seguridade xurídica de ausencia de arbitrariedade, e por iso mesmo nin poden nin deben ser obxecto de puntuacións parciais, e si obsérvase o que implican, poderáse percibir que con carácter xeral, a súa pretensión é que os temas expóñanse no súa integridade, valorándose as referencias ás citas de textos legais e ou xurisprudencia, e que tal exposición resulte correcta en si mesma e coherente no seu contido, si non primando, si penalizando a desorde, a desestructuración e os erros que poida padecer a exposición dos temas.




En definitiva as bases específicas polas que rexían a realización do segundo exercicio do referido proceso selectivo cumpríronse escrupulosamente por este Tribunal o igual que os criterios de valoración, fixados previamente e publicados oportunamente como motivo da corrección e avaliación do exercicio, tal e como consta reflectido na Acta extendida por este Tribunal o día 19 de xullo de 2019.

#### **4.- Reclamación de Dona Beatriz Ventosa Fernández.**



Vista a reclamación de dona Beatriz Ventosa Fernández, formulada a través de escrito presentado no rexistro da Oficina Comarcal de Melide, A Coruña, o día 26 de xullo de 2019, no que solicita a revisión do exercicio realizado, por considerar que cualificación outorgada e bastante inferior o que consta recollido no exame realizado pola recorrente; e unha vez examinado o contido da segundo exercicio realizado pola recorrente, o Tribunal considera que, en aplicación dos criterios de valoración e de corrección empregados neste segundo exercicio, a nota asignada a esta aspirante é correcta conforme consta recollida na Acta do día 19 de xullo de 2019, polo que se desestima integramente as alegacións/reclamacións formuladas por dona Beatriz Ventosa Fernández, a través do escrito presentado o día 26 de xullo de 2019.



Polo querespetaa exposición e desenvolvemento dos temas obxecto de examen, cabe indicar que a exposición do Tema 6 é correcta pero moi escasa en comparación co resto dos opositores que alcanzaron maior puntuación, con erros citando ordenanzas inexistentes e considerando como prazo de entrada en vigor das ordenanzas fiscais os 15 días de que dispoñe a Comunidade Autónoma e a Administración Estatal para exercer o seu dereito a formular a oposición ás mesmas.

En canto o tema 10 a exposición e desenvolvemento é correcta pero escasa en comparación co resto de opositores que acadaron superior puntuación, con erros agora de expoñer a notificación por medios electrónicos.



**SECRETARIO XERAL DO PLENO**

JDR

Refª: Acta Tribunal relativa a revisión do segundo exame do proceso selectivo auxiliar administrativo

Asunto: Acta revisión segundo exame.

Convén aclarar a recorrente que as bases polas que se rexe a oposición, con independencia da opinión que merezan tanto os opositores como o tribunal, constitúen o marco legal polo que ha de rexerse a mesma, e son absolutamente obxectivas, posto que no momento da súa redacción e aprobación resultaba descoñecido tanto o número como a identidade de quen ían resultar opositores baixo as mesmas.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo: Bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo. A base 6º.- PROCESO SELECTIVO, entre outras cousas, di: SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento, por escrito de dous temas extraídos ao azar dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o citado exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas aspirantes que non o obteñan.

O amplo marco legal establecido polas bases da convocatoria cumpriuse na súa integridad, con puntuacións entre 0 e 10 puntos para os dous temas en conxunto, sen que teña cabida a pretensión de establecer unha cualificación separada para cada un dos temas, pois conculcaría a citada base.

Non esquezamos que non nos atopamos ante un exame de tipo académico no cal a superación do mesmo cunha nota mínima de 5 implica a superación de todo ou parte da asignatura en cuestión, a obrigación do tribunal de oposición é seleccionar o persoal de mellor e maior capacitación, demostrada a través das probas, para o seu acceso á carreira profesional de funcionario público no posto ou postos de traballo a cubrir por medio da oposición, polo que, sen perder de vista a esixencia de coñecementos que debe corresponder ao grupo ou categoría do posto obxecto da oposición, van ser os opositores quen durante o desenvolvemento das probas impoñan o nivel das mesmas, resultaría non só inxusto, senón inxustificable, que se prescindise das demostracións de coñecementos e ou capacidade de estruturación dos temas por entendelas excesivos para as prazas obxecto da convocatoria, en beneficio de exercicios, por dicilo suavemente, menos completos.

Convén subliñar, ademais, o elevado número de matriculados así como de opositores que participaron no referido proceso selectivo (340 matriculads, 114 presentados ao primeiro exercicio, e 42 ao segundo), para tan só tres prazas, polo o opositor que aspira a conseguir as prazas ofertas non pode acudir buscando simplemente un cinco que lle permita pasar dun a outro exercicio, senon que ten que aspirar necesariamente a ser o mellor, posto que únicamente os tres mellores

dos cento catorce que empezaron o primeiro exercicio alcanzarán unha das tres prazas obxecto do precitado proceso selectivo.

En canto aos criterios de valoración, non poden confundirse cuns criterios de puntuación, que si deben comunicarse aos opositores con antelación, trátase duns criterios subxetivos para o propio tribunal que os crea e obxectivos para o opositor, xa que se basean nos temas, e o feito de dalos a coñecer implica tanto transparencia como seguridade xurídica de ausencia de arbitrariedade, e por iso mesmo nin poden nin deben ser obxecto de puntuacións parciais, e si obsérvase o que implican, poderáse percibir que con carácter xeral, a súa pretensión é que os temas expóñanse no súa integridade, valorándose as referencias ás citas de textos legais e ou xurisprudencia, e que tal exposición resulte correcta en si mesma e coherente no seu contido, si non primando, si penalizando a desorde, a desestructuración e os erros que poida padecer a exposición dos temas.

En definitiva as bases específicas polas que rexían a realización do segundo exercicio do referido proceso selectivo cumpríronse escrupulosamente por este Tribunal o igual que os criterios de valoración, fixados previamente e publicados oportunamente como motivo da corrección e avaliación do exercicio, tal e como consta reflectido na Acta extendida por este Tribunal o día 19 de xullo de 2019.

#### 5.- Reclamación de Dona Maruxa Calderón Pallín.

Vista a reclamación de dona Maruxa Calderón Pallín, formulada a través de escrito presentado no rexistro da Subdelegación do Goberno en Lugo, o día 26 de xullo de 2019, no que solicita, entre outros extremos, coñecer a puntuación outorgada polo Tribunal a cada un dos temas do segundo exercicio realizado do referido proceso selectivo, así como a puntuación outorgada a cada criterio xeral e específico en cada un dos temas posto que non foron publicados na acta de resolución.

